



2002-2012 10 ANOS DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE

HOMENAXE AO VOLUNTARIADO E Á XENTE DO MAR NO RECINTO FEIRAL

A Asociación Pola Defensa da Ría, ten organizado para este sábado 17 de novembro, no recinto feiral de Pontevedra un festival no que se pretende recordar a catástrofe que fai 10 anos provocou o maior episodio de contaminación das costas galegas, dunha forma festiva para que sirva de encontro entre persoas pero tamén como acto reivindicativo que mantén viva a preocupación e a capacidade de resposta da sociedade civil diante dun episodio que hoxe en día podería repetirse con similar cruza.

Preténdese que sexa unha grande celebración de carácter lúdico e, nese sentido, tense organizado un atractivo programa con concertos de grupos como OS TRES TREBÓNS que para esta ocasión estarán acompañados por HOMES SEN MEDO, actuará SÉS e o grupo RUXE RUXE, o acto estará conducido polo grupo de regueifeiros de TRIO LIRO e está programado como un importante espectáculo de luz e son. Durante toda a duración do acto poderase contemplar unha exposición na que revive a historia do accidente e da mobilización da sociedade civil para loitar contra a marea negra e se estarán proxectando fotografías sobre esta marea negra e a marea branca que conseguiu facer o traballo máis importante de retirada do fuel. Tamén durante todo o acto poderanse degusar racións de polbo e de empanada nunha zona acondicionada para elo.

Pero ademáis de festa lúdica e de encontro, o aniversario da catástrofe do Prestige, é motivo para recordar a resposta cívica da cidadanía de Galicia e de moitos lugares do resto do estado e do mundo, que de forma inmediata e ao non existir resposta dos poderes públicos se organizou para loitar contra a marea negra de fuel, é motivo para manter vivo ese espírito cívico, esa sociedade alerta que segue a estar preparada para mobilizarse diante doutra catástrofe ambiental. É motivo para denunciar que, 10 anos despois segue a existir a ameaza de que se poda volver a producir outro accidente e se segue a sufrir a chegada de frecuentes restos de sentinazos no corredor atlántico. É motivo por último para seguir pedindo responsabilidades aos que verdadeiramente tomaron as decisións que provocaron a catástrofe. Por isto, no acto, intervirán representantes da Asociación Pola Defensa da Ría, que mobilizou nos anos 2002 e 2003 a máis de 3000 voluntarios ao litoral da Illa de Nos, de Corcubion, da Costa de Portonovo e na costa de Corrubedo; un representante de NUNCA MÁIS que fai súa esta celebración do 10º aniversario da catástrofe e un representante do voluntariado que actuou para paliar as súas consecuencias.

Chamamos á cidadanía a participar e gozar neste homenaxe ao voluntariado e á xente do mar, unha festa lúdica, de encontro e reivindicativa, en defensa do noso medio, das nosas costas e dos nosos recursos.

Pontevedra, 16 de novembro de 2012,

Asinado: Benito Andrade, da Asociación Pola Defensa da Ría